

PREMIOS SELIC 2020 — DE CANDO EN VEZ ENTRO EN INTERNET PARA VER COMO ERAN AS COUSAS ANTES. VEXO COMO ERA COMPOSTELA ANTES. VEXO A ZONA VELLA ATEIGADA DE XENTE; SOBRE TODO NUN MES COMA NO QUE ESTAMOS, XULLO, OU AGOSTO. ATEIGADA DE TURISTAS, DE PEREGRINOS. RIADAS DE XENTE. **SELIC 2021** AS TERRAZAS DOS BARES E RESTAURANTES DESBORDANDO XENTE A COMER, A BEBER. PARECEN FORMIGAS ATAREFADAS AO REDOR DO FORMIGUEIRO. OS CONCERTOS CON XENTE APERTADA A PULAR, A BAILAR, A RIR. PODO PASAR HORAS ASÍ, A OLLAR PARA ESAS IMAXES, PROPIAS DUN FILME DE CIENCIA FICCIÓN. SINTO UNHA FASCINACIÓN POLOS AMOREAMENTOS DE XENTE QUE NON SEI DE ONDE ME VÉN: **FESTIVAL DA LECTURA** COLAS DE XENTE, ATOAMENTOS DE TRÁFICO CON XENTE DENTRO DOS VEHÍCULOS, SUPERMERCADOS OU GRANDES ALMACÉNS CONXESTIONADOS EN PLENAS REBAIXAS CON XENTE A GASTAR DIÑEIRO COMPULSIVAMENTE, MANIFESTACIÓNS MULTITUDINARIAS CON XENTE ALPORIZADA. PODO PASAR HORAS ASÍ. PERDO AS HORAS ASÍ SOBRE TODO OS DOMINGOS. OS SÁBADOS AÍND A TEÑO QUE FACER COUSAS: POLA MAÑÁ ENCARGAR A COMPRA, ALGÚN RECADO, IR AO CINEMA... PORÉN, OS DOMINGOS... ÉRGOME TARDE, ESPREGUIZO, DOU ALGÚN PASEO E RARA É A VEZ QUE NON ACABO DIANTE DA PANTALLA, A VER VÍDEOS DE HAI CASE CEN ANOS. ÁS VECES BATO CUNHA CONTA QUE CONSERVA VÍDEOS DE COMEZOS DE SÉCULO, DA SÚA FAMILIA, DE CANDO OS AVÓS ERAN NOVOS. **DO 10 AO 19 DE SETEMBRO DE 2021** ESAS SON AS MIÑAS FAVORITAS: MERGULLARME NA VIDA DUNHA FAMILIA DE COMEZOS DE SÉCULO, CANDO TODO AÍND A ERA SINXELO. VER PEQUENOS VÍDEOS DE CANDO OS PAIS ERAN CATIVOS E DABAN OS SEUS PRIMEIROS PASOS, DE CANDO FORAN DE FIN DE SEMANA A LONDRES OU A ROMA, DE CANDO ÍAN TOMAR UNHAS CERVEXAS POR AÍ COAS AMIZADES... VIDAS SINXELAS E FELICES. **RÚA DO VILAR / PRAZA DAS PRATERÍAS** NON CREO QUE ELES SOUBESEN O FELICES QUE ERAN. O TIMBRE FAI QUE ME ASUSTE UN POUCO. ENSEGUIDA COMPRENDO: O REPARTIMENTO. CONTESTO E UNHA VOZ CONFIRMA O QUE XA SEI. ABRO A PORTA, COLOCANDO O MEU MEDIO SORRISO PARA ENCARAR O REPARTIDOR. OLA, SAÚDO. BOA TARDE, AQUÍ TEN, DIME O REPARTIDOR. GRAZAS, SINATURA. ENSÍNOLLE O POLGAR E EL ESCANÉAMO. PRONTO. CHAU, CHAU. LEVO O PESADO PAQUETE ATÉ A COCIÑA: O MEU ROBOT DE COCIÑA. **SELIC.GAL** É UN VELLO APARELLO DOS ANOS TRINTA PERO DO MELLOR QUE EXISTE NO MERCADO. MOI SIMPLE, ANALÓXICO, PERO CUN BO MOTOR E QUE FAI O TRABALLO QUE NECESITO: AMASAR, MONTAR, MESTURAR. CUSTOUME FERRO E FARIÑA ENCONTRAR UN, XA POUCOS QUEDAN, E FINALMENTE... — *BALEIRO* GABRIEL GÓMEZ ESTÉVEZ

